



Un turista no Mediterráneo

1a parte

Traballade en grupos de 4 persoas.


Imos imaxinar que sodes 4 amigos, que vos tocou a lotaría e que decidistes facer unha viaxe a Marrocos.

Tedes que escoller o paquete turístico que máis vos conveña e para iso tedes que vos conectar á Internet e encontrar a mellor oferta dun operador de viaxes.

Tamén podedes conseguir folletos de axencias de viaxes.

- Escollede unha viaxe de aproximadamente 7 días.
- Imprime a oferta en formato de borrador.





Un turista no Mediterráneo

2a parte

Unha vez escollida a viaxe, tentade clasificala nun dos grupos seguintes, aquel que máis se pareza á opción que escolleste.

GRUPO 1. Viaxe de luxo a Marrocos. Hoteis de luxo con piscina, “spa” e golf próximo ou no hotel. Visita ás principais cidades de Marrocos, trasladados en coche privado ou microbús. Comidas en restaurantes de luxo. Viaxe en avión.

GRUPO 2. Viaxe de pracer, clase turista. Hoteis de 4 estrelas mínimo. Con piscina. Visita ás principais cidades de Marrocos en bus ou tren. Comidas a media pensión. Viaxe en avión.

GRUPO 3. Viaxe de aventura. Estaremos en “haimas”, tendas... visitaremos o Atlas, as principais cidades e o deserto. Comidas tradicionais con cocifeiro propio. Comprar no zoco. Última noite en hotel. Viaxe en avión, trasladados en 4x4.

GRUPO 4. Viaxe pola nosa conta. Viaxe en coche ou tren desde a Península. Hospedarémonos en hostais e cuartos de habitantes do país. Cocina tradicional. Compras no zoco. Alugaremos guías para o deserto. Traslados en tren, coche e 4x4.



A vosa viaxe é do grupo



Responde ás preguntas:



Na Internet, que tipo de viaxes das mencionados antes eran as que se encontran máis habitualmente?



O turismo representa divisas do estranxeiro para o país. A quen cres que irá o diñeiro do teu tipo de viaxe, a quen beneficiará máis o teu tipo de viaxe? Podes indicar 4 opcións.

- aos propietarios e empresarios dos hoteis
- aos propietarios e empresarios do golf
- ás persoas que traballan nos hoteis
- ás compañías aéreas
- aos guías e condutores
- aos comerciantes do zoco
- aos pequenos comerciantes
- aos habitantes comúns do país



Escribe e dinos se cres que a túa viaxe terá un alto impacto en emisións de CO₂ ou será de baixo impacto. Por que?

Opcional

Sabías que os empresarios das principais cadeas hoteleiras en xeral non son do país?



Encontra na Internet cadeas hoteleiras no mundo que se chamen igual.



Un turista no Mediterráneo

3a parte

Cálculo de consumos de auga.



Segundo a viaxe escollida, imos calcular o consumo de auga que vas realizar. Cubre a túa táboa. Imaxínate na túa viaxe en Marrocos e o que farías cada día desde que espertas até a noite. Utiliza a táboa orientativa de consumos para calcular os teus consumos.

Ex. Pode que só te bañes na piscina 4 días, entón sería:

Actividade	nº de veces al día	nº de días	total litros



Fai a media e calcula os litros por día que farías na túa viaxe:



TÁBOA DE CONSUMOS


Actividade	Litros aproximados
Lavar as mans (billa pechada)	2
Lavar as mans (billa aberta)	18
Lavar os dentes (billa pechada)	2
Lavar os dentes (billa aberta)	15 - 30
Baño	200 - 300
Ducha	30 (rápida) - 80 (longa)
Servizo de lavadora	60 - 90
Servizo de comedor e comidas hotel (1 comida)	30
Uso de piscina hotel (depuración, etc.)	85
Uso de "spa" hotel luxo	65
Servizo de comida restaurante país (1 comida)	18
Baleirado de cisterna do sanitario (total)	15
Baleirado parcial de cisterna do sanitario (porque ten dispositivo de aforro)	6
Bebida (por día)	2 litros/día
Limpieza dos cuartos	10 litros/día
Lavado coche aluguer	400 litros
Partida de golf. Rega golf 100m ² de herba	400 litros

Táboa estimada de consumos. Elaboración propia a partir doutras fontes:


http://mediambient.gencat.net/aca/ca//agencia/campanyes/raco/consells_practics_casa.jsp?ComponentID=65077&SourcePageID=65085#1

Comparemos

Observa o mapa de dispoñibilidade de auga no mundo



Fonte: World Resources 2000-2001, People and Ecosystems: The Fraying Web of Life, World Resources Institute (WRI), Washington DC, 2000



E os datos da táboa seguinte:

Consumo doméstico medio (litros/habitante e día)	
España	Marrocos
147	50

%	África	España
agricultura (%)	81,5	80
industria (%)	5,5	6
doméstico/urbano (%)	12	14

A partir da fonte: http://webworld.unesco.org/water/ihp/db/shiklomanov/part'3/_Read'me.htm

Responde



Marrocos é un país rico ou pobre en auga?



Compara o consumo de auga dos habitantes de Marrocos co teu consumo como turista. Cal é maior?



Paréceche que poderías contribuir para aforrar auga na túa viaxe? Que farías? Que modificarías da túa viaxe?



Un turista no Mediterráneo

4a parte

Debate (1h 30')

Agora imos facer un debate na aula entre todos.

Antes deberedes prepararvos para explicar os vosos argumentos! Tedes uns textos que vos van orientar.

Encontre na Internet unha definición simple do que significa un turismo sustentable.

- > Debedes preparar as preguntas seguintes por equipos.
- > Escollede un portavoz do equipo.
- > Respectade as veces e as palabras.
- > Escollede un moderador para o tempo.
- > Durante o debate, cada equipo expón os seus argumentos; unha vez terminada a exposición de cada equipo, outros equipos poden formular preguntas ao anterior e dar argumentos en contra da súa postura.
- > O moderador apuntará as conclusións de cada pregunta no encerado.

O debate basearase nas seguintes preguntas:

1. Cal é a oferta maioritaria de turismo na actualidade?
2. O que buscamos cando imos de vacacións?
3. Que problemas pode implicar o turismo? E que beneficios?
4. Que tipo de turismo sería o máis adecuado para a xente do país? E para o medio ambiente?
5. O que podemos facer nós cando somos turistas?



Textos

Texto 1

... o turismo ten un impacto inmenso sobre o noso planeta e é a industria máis grande do mundo. Segundo a Organización Mundial do Turismo, as viaxes internacionais globais alcanzarán case os mil millóns no ano 2010 (500 millóns no 1993).

O turismo de masas provoca graves danos ambientais. Os científicos calculan que no ano 2015, a metade da destrución anual da camada de ozono será provocada polo transporte aéreo. Non todas as viaxes en avión poden ser atribuídas aos turistas, evidentemente, aínda que contribúen substancialmente para o problema. A contaminación do ar e a degradación do solo e da auga son especialmente problemáticas nas zonas costeiras, a miúdo sobreexplotadas. E de xeito máis visible: o que me dis, dos turistas irresponsables que transforman lugares paradisíacos en depósitos de lixo?!

Hai alternativas? Si. Hoxe en día, cada vez é máis fácil encontrar opcións de vacacións e viaxes sustentables (proxectos de conservación e restauración, proxectos de cooperación voluntaria, facer de mestre no estranxeiro, etc.). Comprábo na Internet:

encontrarás centos de ideas e opcións, mais... vai con coidado, porque hai lugares que promoven paquetes que non son tan sustentables como din! Estás a procurar unha cousa máis relaxante? Ningún problema. A sustentabilidade tamén pode ser encontrada en opcións de vacacións convencionais. Se os hoteis locais, os bed&breakfast e os cámpings están ben xestionados, é máis probable que incentiven e respecten máis a economía, o medio ambiente e a cultura locais que non algunhas cadeas hoteleiras internacionais. Un signo positivo é que o turismo sustentable ou ético está a gañar popularidade.

Algúns consellos para as vacacións.

Podemos facer varias cousas para reducir o noso impacto como turistas, por exemplo...

Escolle as alternativas de viaxes que fornezan máis beneficios para a poboación local.

Regatear cando se compran billetes e lembranzas pode fomentar a explotación.

Aforra recursos naturais valiosos. Non malgastes a auga e a enerxía. Evita utilizar contaminantes, como por exemplo deterxentes, en ríos ou fontes.

Leva os residuos e separa todos os que non sexa degradables.

As plantas deben florecer no seu ambiente natural. Levar gallos e raíces é ilegal en moitas partes do mundo.


Apoia o comercio local e os artesáns. Compra lembranzas e artesanía do lugar sempre sexa posible.

Respecta os dereitos territoriais. En terras tribais, os turistas deberán comportarse como se estivesen nunha propiedade privada.

Tenta ler cousas sobre o país que visitas –iso irá axudarte a respectar a cultura local e a abrirte portas.

A moitos países, vale máis ir con roupa solta e lixeira que con roupa axustada. Igualmente, beixarse en público é a miúdo culturalmente incorrecto.

Ou sexa que... tal e como recomenda o *AMERICAN SIERRA CLUB: Alá onde vaias, leva só imaxes, deixa só pegadas!



Texto 2

O turismo no Mediterráneo

De particular importancia é o impacto do turismo: calcúlase que entre os meses de xuño e setembro, a bacía mediterránea recibe 45 millóns de turistas interiores e máis de 50 millóns de turistas estranxeiros, o que equivale ás poboacións totais de España e Italia xuntas, que se concentran nesa fina faixa costeira entre as montañas e o mar ou nalgunhas das súas illas. En 1984, o Mediterráneo captou o 35% do mercado turístico internacional e en 1996 continuaba coa mesma dinámica, co 30% e uns 183 millóns de turistas.

Do punto de vista económico, a importancia do turismo obsérvase no feito de que os ingresos que xerou en 1990 alcanzaron os 73.159 millóns de dólares, que representan o 53% dos xerados en Europa e o 29% dos ingresos xerados polo turismo ao nivel mundial. En termos de porcentaxes do produto interno bruto, o turismo representaba en 1992 o 8% do PIB en Francia e o 9% en España. Nos países do sur da bacía representaba: o 27% e o 17% do PIB de Chipre e de Malta, respectivamente; o 7,1% en Exipto e Tunixia; o 5,1% en Marrocos; o 4,2% en Israel; e porcentaxes menores no resto.

A presión turística agrava o problema da contaminación das augas, así como o da sobreexplotación e eventual esgotamento dos acuíferos, acentúa o fenómeno de concentración humana e de xeración de residuos. En 1989, a demanda turística implicaba necesidades de máis de 25.228 hectáreas de solo para instalacións e de 40 millóns de metros cúbicos de auga potable —de 500 a 800 litros de auga por persoa e día nun hotel de luxo, números moi superiores ao consumo medio dun residente permanente nas mesmas zonas turísticas— e significaba a xeración de 144.000 toneladas de residuos sólidos urbanos e de 24 millóns de metros cúbicos de augas residuais.

Fonte: http://www.medforum.org/documents/agenda2000/ap2_es.htm#2.10.

Texto 3

Tamén no noso país, temos que aforrar auga. O turismo é tamén importante na bacía mediterránea e noutras zonas, e por iso é tan importante que o turismo sexa sustentable e faga un uso racional da auga.

Texto 4

Entra tamén en:

"O turismo é riqueza para a persoa, para a familia, para a comunidade e para todo o mundo" Organización Mundial do Turismo.

http://www.medforum.org/documents/agenda2000/ap2_es.htm#2.10.http://world-tourism.org/espanol/newsroom/campaign/turismo_riqueza.pdf



Texto 5

Artigo

O turismo converteuse nunha das principais actividades económicas no ámbito internacional. Segundo datos do World Travel and Tourism Council (WTTC), a súa contribución para o Produto Interno Bruto (PIB) mundial é do 10,7% (3.497,1 millares de millóns de dólares), que se espera que sexa do 11% (6.958,3 millares de millóns de dólares) en 2011. O número de persoas empregadas no sector é de 207.062.000, o que representa un 8,2% do total do mercado laboral mundial. Estímase que esta cifra crecerá até 260.417.000 empregados, 9% do total, en 2011.

Segundo a Organización Mundial do Turismo (OMT), nos últimos anos os movementos turísticos experimentaron un aumento espectacular, cunha taxa media de crecemento anual do 7,1%. As previsións de desprazamentos para os próximos anos seguen as mesmas pautas mais con taxas de crecemento inferiores, en torno do 4,3%.

Varios factores contribuíron para esta evolución. Por un lado, os extraordinarios avances tecnolóxicos que introduciron mudanzas nos sistemas de transporte, especialmente na aviación.

Por outro lado, diversos factores sociais tales como as vacacións remuneradas dos traballadores, a redución da idade de xubilación, a maior esperanza de vida e o aumento e extensión das pensións foron determinantes para que a poboación dispoña do tempo e do diñeiro necesarios para viaxar.

Os mellores niveis de educación e por tanto maiores inquiredanzas por coñecer novos países e culturas, por vivir novas experiencias, etc, impulsaron tamén o desenvolvemento da actividade turística.

A Europa, en materia de turismo, ocupa unha posición privilexiada que a sitúa á cabeza a escala mundial e, neste contexto europeo, España converteuse nun dos principais países receptores de turismo, situándose no terceiro posto da clasificación mundial, por detrás dos Estados Unidos e Francia. No relativo aos ingresos por turismo, España ocupa o segundo lugar, detrás unicamente dos Estados Unidos (segundo datos da OMT dos anos 1999 e 2000). no mercado laboral o número de empregados no sector era de 2.762.230 en 2001, o que representa o 18,5% do total, e estímase que alcanzará a cifra de 3.704.670 no 2011, quer dicir, o 21,9%.

Estas cifras permitiron á clase política falar do turismo como a panacea do desenvolvemento económico e social de gran parte dos pobos e rexións de España, que ven na actividade turística un importante instrumento para manter o nivel económico que alcanzaron nos últimos anos.

Para orientar a oferta turística, é imprescindible coñecer as principais características do turista de hoxe e saber o que busca.

O número de desprazamentos á escala mundial aumentou de forma espectacular ao longo da última década debido á globalización da economía, a progresiva liberalización do comercio á escala internacional, as innovacións tecnolóxicas e a revolución nos sistemas de información e as telecomunicacións, factores que produciron un incremento nos intercambios de todo o tipo e intensificaron as relacións entre os países.

O turista actual non é como o de hai algúns anos. O denominado turismo de masas, que caracterizou a segunda metade do século XX e que converteu o turismo nunha das principais actividades económicas á escala mundial, está a deixar o paso libre a un novo



momento turístico. O viaxeiro que compraba "paquetes estandarizados" a baixo custo para visitar destinos indiferenciados, que progresivamente se ían masificando, comeza a dar síntomas de esgotamento. O novo turista caracterízase por experiencia viaxeira, diversidade de gustos e preferencias, preocupación polo ambiente e fragmentación dos períodos de vacacións.

Esta situación representa novas oportunidades para numerosos destinos da xeografía española, algúns dos cales (especialmente os denominados "destinos maduros") emprenderon importantes procesos de redefinición do seu produto con melloras importantes no tradicional turismo de "sol e praia" e con procesos de diversificación da súa oferta. Outras zonas, sobre todo no interior, que case non tiñan aproveitado os beneficios do turismo, descubren nos novos produtos (turismo ecolóxico, turismo rural, de aventura, deportivo, cultural, etc.) oportunidades de desenvolvemento nas que nunca terían pensado.

.Fonte: <http://www.sgci.mec.es/uk/Pub/Tecla/2002/feb15a.html>

Ampliacións:

Queres facer un test? E saber que tipo de turista es? Entra en:

http://www.medforum.org/ulixes21/cas/nomes_cas/



Bolivia e o dereito á auga

1a parte

1ª parte. Introducción

Le o artigo “0” para pórte en situación e responde ás preguntas



Artigo 0


Extracto e tradución da páxina web

<http://www.citizen.org/cmep/Water/activist/articles.cfm?ID=9589>

Democracia ou control corporativo da auga: unha loita pola supervivencia

Talvez o furto máis grande dos recursos comúns aos que se enfrontan a Humanidade e o planeta é hoxe o corporativo que asume o control da auga do mundo. Os capitalistas globais discuten que os nosos problemas de escaseza da auga sexan solucionados dando a volta e transformando a auga nun ben económico, unha materia que será controlada por corporacións globais e vendida ao licitador máis alto de mercados internacionais. (...)





Cada crise proporciona unha oportunidade. As crises da auga doce do mundo poden ser o motivo de preocupación máis crítico para os avogados globais da xustiza. A loita para protexer os bens comúns como a auga doce é unha loita pola supervivencia planetaria, en especial nas comunidades do sur onde a loita contra a privatización da auga se converteu nunha loita a vida ou morte. O movemento para o control democrático directo da nosa auga ten o potencial de unir a maior parte da

O mundo está a funcionar con auga doce

A pesar da abundancia de auga neste planeta, menos da metade dun 1 % de auga está dispoñible para a Humanidade. O resto é atrapado polos océanos e o xeo polar. A herdanza moderna de facer irrigacións masivas, de facer mega-encoros, de descargar contaminantes, destruír zonas húmidas e bosques, de urbanizar en masa... contribuíu para esgotar rapidamente a fonte limitada de auga doce do mundo. Uns mil millóns de persoas carecen de acceso a auga limpa e dous mil quingentos millóns de persoas non teñen servizos adecuados das augas residuais e de saneamento. En consecuencia, 2.112.000 persoas – a maior parte delas, crianzas – morren anualmente por causa de doenzas como a diarrea e o cólera.

Ademais desta ameaza, a poboación do mundo aumenta anualmente en 85 millóns de novas persoas, e o uso de auga por persoa estase a duplicar cada vinte anos. Contribúen principalmente para esta sede insaciable de auga a agricultura industrial e a industria de bens, que consomen respectivamente o 65% e o 25% da auga utilizada polos seres humanos. Mais a Humanidade está a pagar o prezo da explotación deste recurso esencial. Antes de 2020, espérase que dous terzos da poboación do mundo carezan de acceso a auga limpa se o desenvolvemento actual continúa.

(...)

Beneficio de miseria planetaria

As corporacións transnacionais consideran esta crise da escaseza da auga como unha oportunidade de beneficios enormes. Se as corporacións controlan as fontes limitadas dun elemento sen o que ninguén pode vivir, están a comezar a forxar unha gran fortuna. A auga é o novo petróleo. En 2001, a industria de servizos da auga, dominada por apenas un fado de corporacións, xerou cerca de un trillón de dólares de beneficios, que é substancialmente máis que o sector farmacéutico e case o 40% dos réditos da industria do petróleo. "A auga é a última fronteira que debe ser superada polos investidores privados," di Johan Bastin, do Banco Europeo para a Reconstrución e o Desenvolvemento.

Responde ás seguintes preguntas. Axúdate do texto anterior para encontrar as respostas

1. Que relación hai entre a calidade da auga e a saúde?

2. Pode converterse a auga nun recurso explotado polas empresas privadas?

3. O consumo da auga aumenta ou diminúe co tempo? Explica por qué motivos existe esta tendencia.



Bolivia e o dereito á auga

2ª parte

2ª parte. JXogo de rol

Imos facer un xogo de rol.

Para iso, imos prepararnos. Este xogo de rol baséase nun caso real acontecido en Cochabamba. Agora sodes vós quen debedes revivir a situación. Tedes unha introdución e uns textos por personaxes, que vos axudarán a tecer os vosos argumentos.

Instrucións do xogo

- ✓ Facede grupos de 3 ou 4 persoas. Debe haber 7 grupos en total.
- ✓ Distribuiremos a cada grupo unha información do voso personaxe que vos axudará a defender as vosas posturas.
- ✓ Fai falta un director do xogo ou moderador (profesor/a, adulto...) que irá marcando os tempos.
- ✓ A vosa misión é defender a vosa postura e chegar a un acordo, se é posible, coas demais partes implicadas.
- ✓ Podedes falar entre vós antes de encetar o debate xeral, para forxar alianzas ou acordos previos coas outras partes.

Introducción para todos. Situación.

Cochabamba. Rexión de Bolívia.

A cidade de Cochabamba foi fundada nas beiras do río Rocha no Primeiro de Xaneiro de 1574 por Sebastián Barba de Padilla. Cochabamba é a “Cidade Xardín” de Bolivia. O seu clima é o máis estable de todo o país. Cochabamba creceu e modernizouse. Obras de gran magnitude, como a estrada de Cochabamba a Santa Cruz, a refinaría de petróleo, o encoro da Angostura, a instalación de enerxía eléctrica de Corani, a fábrica de cemento, a estrada ao Chapare, a vía asfaltada a Oruro, a rede de transición de enerxía Cochabamba-Santa Cruz... foron realizadas neste último período de tempo.

Más informacións sobre Cochabamba en: <http://www.gbtbolivia.com/es/cochabamba/>

A guerra da auga en Cochabamba

Como parte das políticas de privatización impulsadas polo Banco Mundial para a América Latina, en 1999 o goberno boliviano resolve conceder a unha empresa transnacional, Bechtel (Aguas del Tunari no seu nome local), a facultade de xestionar e distribuír toda a auga da cidade de Cochabamba e os seus arredores.



Fracasos: Cochabamba, Bolivia

(...) o goberno boliviano concedera un contrato 40 anos a Aguas del Tunari en 1999, seguindo uns termos moi beneficiosos para a compañía.

As tarifas da auga aumentaron inmediatamente - do 100% até o 200% nalgúns casos. Foi un golpe duro para os pequenos granxeiros e a xente común. Nun país onde o salario mínimo é de 100 dólares por mes, moitas familias pagaban facturas de auga de 20 dólares ou máis. Incapaces de sobreviviren baixo a carga dos novos prezos da auga, os cidadáns comezaron unha campaña para expulsar a compañía privada da auga. (...)

Fonte: http://www.citizen.org/cmep/Water/cmep_Water/reports/bolivia/articles.cfm?ID=9208

Lista de personaxes. A repartir polo/a dinamizador/a do xogo..

O xogo comeza despois da preparación. O/a dinamizador/a do xogo presenta os diferentes grupos polo seu nome, controla o tempo do xogo – que será limitado a 40 minutos – ademais de velar polo respecto das normas.

PERSONAXES: BANCO MUNDIAL. Grupo A

Sodes o Banco Mundial, unha das organizacións máis poderosas e de gran prestixio no mundo. Por vía de regra, os gobernos fan caso ás vosas recomendacións.

Debedes defender a vosa posición a respecto da privatización da xestión da auga en Cochabamba, como saída á gran débeda externa do país, e forma de desenvolvemento, e apoiar o goberno de Bolivia para que efectúe con man firme esta privatización.

Só falades cos gobernos e coas multinacionais e grandes empresas.

Lede INFO 1

Irá fornecervos información para defender as vosas teses e argumentos.

PERSONAXE: GOBERNO DE BOLIVIA. Grupo B

Sodes o Goberno de Bolivia, ministro de economía, presidente, ministro de defensa e altos cargos funcionarios do Goberno. O voso país é un dos máis pobres do mundo. Tedes verdadeiras dificultades para pagar a débeda externa. Tedes un acordo co Banco Mundial e co Fondo Monetario Internacional: acordastes ir reducindo o diñeiro que debedes pagar polos empréstitos que vos efectuaron a troco de seguir as súas recomendacións. O voso país é rico en recursos e en auga. O Banco Mundial recomendouvos que privaticedes a xestión da auga (subministración, canalizacións, etc.), establecendo un contrato cunha multinacional, e fixéstelo. Até o momento, a xestión era pública, e realmente había moitas dificultades económicas. Isto irá traervos diñeiro para saír da pobreza do país e pagar a débeda.



Podedes falar co Banco Mundial, as multinacionais e as grandes empresas, e coa xente, sempre que se organicen e fale un no nome de todos. Se a xente quere falar convosco, debe entregar unha solicitude a un funcionario do goberno e esperar a que a citen.

Lede INFO 1 e INFO 2

Ir  fornecervos informaci n para defender as vosas teses e argumentos.

PERSONAXE: MULTINACIONAL E GRANDE EMPRESA. Grupo C.

Sodes unha multinacional e grande empresa, propietarios e grandes accionistas. A vosa empresa ten unha dimensi n mundial, tedes sedes en todas as partes do mundo. Sodes unha empresa competitiva e con grandes contactos, en especial co Banco Mundial. Estadades especializados na auga, canalizaci ns, subministraci ns, obras hidr ulicas e encoros... O voso obxectivo   obterdes beneficios no final do ano e facer crecer m is e m is a empresa. Sodes eficaces e xente seria.

Conced ronvos a xesti n da auga da rexion de Cochabamba. O primeiro que vedes   que iso non   viable economicamente e incrementastes as tarifas da auga nun 150%. Ou sexa, que a factura da auga agora ir  custar d as veces e medio m is. **Debedes facer un comunicado urxente   xente cando comece o xogo sobre o aumento das tarifas.**

Podedes falar co Banco Mundial, e co goberno. Coa xente com n nunca falades directamente, unicamente lles comunicades as mudanzas.

PERSONAXE: LABREGOS. Grupo D.

Sodes labregos minifundistas. Vivides nunha rexion rica en auga, mais tedes poucas colleitas, porque tedes pouco terreo, polas vosas colleitas p ganvos pouco e mal, de forma que tedes dificultades para sair adiante, comprar medicinas, comprar produtos frescos... e vivir cada d a. Dix ronvos que a partir de agora a auga   xestionada por unha compa a estranxeira, e non polo municipio. Tedes medo a que as cousas vaian a peor... se vos fan pagar m is cartos pola auga. Por sorte, todos estadades en cooperativa e reunidesvos a mi do.

Podedes falar con organizaci ns veci ais, ONG, intelectuais, co Goberno, coa nova compa a de augas.

Lede INFO 2 e INFO 3

Ir  fornecervos informaci ns para defender as vosas teses e argumentos.

PERSONAXE: ORGANIZACI NS VECI AIS . Grupo E

Sodes unha organizaci n veci al, constitu da por mulleres e homes. Vivides f ra do centro da cidade, en casas humildes. Chegouvos o rumor de que aquela canalizaci n de auga que est  partida e que vos impide ter auga corrente nas vosas casa e na fonte comunal non vai ser reparada nos meses seguintes, xa que agora a auga   xestionada por unha compa a estranxeira e xa non polo municipio. Estadades moi preocupados, en especial as mulleres, xa que na caseta de sanidade onde se fan pequenas curas, se axuda  s mulleres a daren a luz, etc., tampouco chegar  a auga se non arranxan a avar a.

Podedes falar con organizaci ns veci ais, ONG, intelectuais, co voso concello e co Goberno, e coa nova compa a de augas.

Non tedes ningunha informaci n. Vivides nos arrabaldes e moitos de v s non



tivestes estudos e non sabedes ónde ir a vos informar. Debedes falar con outros grupos e podedes tentar investigar pola vosa conta.

PERSONAXE: INTELLECTUAIS. Grupo F

Sodes intelectuais (avogados, ambientalistas, escritores...). Coñecédesvos e moitos de vós colaborades e traballades con organizacións que buscan a xustiza social (ONG ecoloxistas, ONG de desenvolvemento, sindicatos diversos...). Coñecedes a fondo o que aconteceu de verdade e indígnavos profundamente. Non é xusto. Sabedes que non podedes ficar de brazos cruzados e que hai que explicar primeiro á xente o que está a pasar, denunciar o que está a ocorrer e falar co Goberno. Coñecedes ben as cooperativas e tedes contacto cos grupos veciñais. Tamén coñecedes algún alto cargo do Goberno e tedes contacto con outros intelectuais e grupos do estranxeiro.

Podedes falar co Goberno, coa nova compañía de augas, a cooperativa de labregos e as asociacións veciñais.

Lede INFO 3, INFO 4 e INFO 2

PERSONAXE: OBSERVADORES INTERNACIONALES. Grupo G

Sodes observadores internacionais, a maior parte, xornalistas. Podedes escoitar calquera conversa dos grupos e actuades a modo de observadores do que está a pasar.

Vós deberedes estar atentos porque daredes a vosa versión do que ocorreu.

Lede INFO 2 e INFO 8

Non podedes falar con ninguén.


Antes de empezar el juego, cada equipo debe rellenar su “tarjeta de juego”.

TARJETA DE XOGO DE ROL

QUEN SODES?

Que queredes?

Que postura defendedes?



Argumentos que ides utilizar para convencer os outros.
Preparade ben diferentes argumentos razoables!

Despois do xogo. Facede unha valoración entre todos de cómo se desenvolveu. Explicade os resultados do dialogo:



Bolivia e o dereito á auga

3a parte

3.^a Parte. A verdadeira historia ocorrida en Cochabamba.

Unha vez feito o xogo de rol, lede as INFO 5, 6, 7 e 9 para saber cómo acabou todo en Bolivia. E responde despois as preguntas xuntos.

Conectádevos á Internet para saber máis desta historia de loita do pobo polo dereito da auga. Conéctate á Internet: Escollede palabras chave para a súa procura na Internet antes (Dereito á auga, Cochabamba, etc.) e realizade a procura co idioma que máis vos interese (podedes seleccionalo na sección de procura avanzada no buscador). Pasamos despois a unha pescuda pola Internet (podedes ir a un buscador tipo “google”, “yahoo”, etc.). Podedes obter imaxes ou informacións adicionais.

- Aconsellámosvos imprimir coa opción de borrador para imaxes, etc. co obxectivo de evitar un gasto innecesario.
- Tamén podedes facer traducións aproximadas das páxinas utilizando tradutores automáticos.

Responde:

3.1. Que aconteceu en Cochabamba en 2000?

3.2. Quen privatizou a auga e por que?

3.3. O que fixo a xente e os cidadáns?



Lede as diversas declaracións internacionais sobre a auga en:

http://www.wateryear2003.org/es/ev.php-URL_ID=4087&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html

<http://www.laredvida.org/>

Dise que a auga é un requisito dos dereitos humanos. Por que se di isto? Cres que é razoable dicir isto? Argumentádeo.

INFO 1

Adaptación do texto http://www.cedib.org/pcedib/?module=displaystory&story_id=11799&format=html

A Privatización da auga e o Banco Mundial. Por Raúl A. Wiener

O Banco Mundial defendeu permanentemente a tese de que a forma de aumentar a dispoñibilidade de auga é a de tratala como un produto máis do solo e do subsolo, que, como o cobre, o ouro e o petróleo, debe ser explorado e desenvolvido por capitais privados que teñan o aliciente da ganancia para se animaren a investir.

Nun anuncio publicitario que se pasa pola televisión de cable, o Banco Mundial toma o rostro e a voz dalgúns nenos e nenas, que inocentemente anuncian que o soño da citada institución é un mundo sen pobreza. (...)

Outro soño (...) do Banco Mundial é que todos os habitantes da Terra consigan ter acceso á auga limpa, para melloraren a súa calidade de vida.

Actualmente, un habitante do sur consume unha media de 20 litros de auga por día. Un estadounidense supera os 600 litros. Á velocidade actual de consumo, chegarase ao final dos próximos 20 anos con máis de tres mil millóns de seres humanos sen acceso á auga potable. E cunha perspectiva de conflito global polo control das fontes de abastecemento, que podería ser a guerra máis pavorosa que se teña coñecido.

Todo isto podería ser evitado de dous xeitos: (a) reducindo o sobreconsumo do norte a un nivel razoable, o que permitiría desacelerar a tendencia de esgotamento das reservas e compartir mellor cos pobres do sur; (b) ampliando novas fontes de auga para o seu uso planificado, evitando a súa depredación.


Que fai e o que propón o Banco Mundial? (...) Promove as privatizacións.

O Banco Mundial defendeu permanentemente a tese de que a forma de aumentar a dispoñibilidade de auga é a de tratala como un produto máis do solo e do subsolo, que, como o cobre, o ouro e o petróleo, debe ser explorado e desenvolvido por capitais privados que teñan o aliciente da ganancia para se animaren a investir.

Porén, como a condición para que o capital invista en explotacións novas é que non teña obstáculos para se apropiar tamén das vellas, o Banco Mundial tamén defende a privatización das empresas de servizo de auga en operacións. Ao final, a propósito, este acaba por ser o tema chave e non os investimentos novos.

En termos de capital, os prazos non están ditados pola velocidade en que as poboacións poden ficar sen bebida, senón no que poden facer as maiores ganancias, polo máis longo tempo e co menor custo de investimento e risco de capital posible.

É por iso que falamos da necesidade de ter máis auga e se responde que hai que vender as empresas de auga (...)



O Banco Mundial, porén, ten a súa propia resposta. A privatización conduce a levar ao nivel real o prezo de venda da auga aos usuarios finais.

Cal é o prezo real? Non o que custa extraelo e distribuílo. Senón o que o mercado estea disposto e en condicións de pagar nun escenario de crecente escaseza, de incapacidade de trocar por un substituto e de oferta monopólica. Ademais, o Banco Mundial di que no longo prazo funcionará un mercado mundial da auga, tal e como hai co petróleo. (...)

No futuro, para que unha empresa ou unha familia dos Estados Unidos, Europa ou Xapón poidan continuar a consumir os volumes de auga que hoxe manteñen, van ter que pagar por iso. Moi ben. (...)

(...) para xustificar a privatización, os nosos gobernos argumentan:

- como non hai diñeiro na caixa fiscal que concede prioridade ao pagamento da débeda externa e á compra de armamento aos países do norte, a opción que fica é a de privatizar. Se hai un millón de persoas sen auga en Lima e máis do dobre no resto do país, só cabe pedirlle ao capital privado que poña os cartos e santa solución.

Mais de repente as cifras dos estudos do Banco Mundial irrompen sobre nós e lánzannos a mensaxe de que non hai forma de que o Estado, as rexións e os municipios se poidan facer cargo do problema.

Así parece que a privatización é unha beizón de diñeiro alleo que anda por aí e que é cousa de nos agarrar forte dela.

No hai un plano de privatización global; hai empresas nacionais que funcionan mal e que piden aos gritos seren privatizadas. (...)

Vexamos algúns datos:

- existen procesos de privatización dos servizos de auga potable en países desenvolvidos (Inglaterra) e subdesenvolvidos desde a segunda metade dos anos 80.

- desde 1994, o tema do mercado dos servizos en todo o hemisferio americano e da abertura das grandes fontes de auga: Canadá, Amazonia, Patagonia, estivo ser tratado no cadro das negociacións do ALCA.

- en 1995, foi subscrito o Acordo Xeral de Comercio de Servizos AGCS, como parte dos compromisos impulsados pola Organización Mundial de Comercio OMC, que establece un proceso de liberalización, desregulación e privatización dos servizos básicos, apuntando á creación de mercados globais da auga, a enerxía, as telecomunicacións, a saúde e a educación, entre outros. (...)

INFO 2

Fonte: http://news8.thdo.bbc.co.uk/hi/spanish/business/barometro_economico/newsid_4521000/4521238.stm

(...)

Bolivia continúa a ser o país máis pobre da América do Sur.

E non só iso. Tamén está entre as 18 nacións máis pobres do mundo e altamente endebedadas que se benefician dun acordo de redución da débeda externa acordado polo Banco Mundial (BM) e o Fondo Monetario Internacional (FMI).

Neste país andino, o Produto Interno Bruto (PIB) por habitante ascende a tan só uns 2.460 dólares anuais e o 67% da poboación vive por baixo da liña da pobreza, isto é, non conta co mínimo necesario para cubrir unha cesta básica de consumo.

Entre os máis pobres, están os que traballan no campo (o 79% deles) e os que pertencen ás sociedades indíxenas, sendo xustamente este último grupo o que historicamente ficou excluído das estruturas de poder.

Forte desigualdade

Aos problemas de pobreza súmanselle os de desigualdade. O BM calcula que Bolivia é o país da rexión con maiores problemas de desigual distribución da riqueza.



INFO 3

Adaptación do texto http://www.cedib.org/pcedib/?module=displaystory&story_id=11799&format=html

A Privatización da auga e o Banco Mundial. Por Raúl A. Wiener

Outras privatizacións da auga funcionan moi mal.

Actualmente, só o 5% da prestación de servizo de auga está baixo o control de compañías privadas ao nivel mundial.

Ademais, no caso destas privatizacións, a cantidade de fracasos e reversións é moi superior que en calquera outro sector: Cochabamba, Buenos Aires, Atlanta, Manila, que foron experiencias modelo do Banco Mundial e terminaron en devolución das empresas despois de que a poboación non aceptase o axuste de tarifas e as novas regras do servizo, e que conduciron á formulación de denuncias con avultadas pretensións de indemnización por parte das transnacionais.

Recentemente, tivemos noticia de que o primeiro caso de entrega dunha xestión de auga a unha empresa privada na provincia de Pacasmayo en La Libertad, concluíu na devolución da concesión. Os investimentos ofrecidos non se cumpriron. A cobertura non creceu. O tempo do servizo reduciuse de catro horas diarias a unha hora, etc. Recuperada polos municipios, a empresa mellorou de inmediato. Este caso está a requirir unha profunda investigación.

Unha das razóns polas que a aposta pola privatización é tramposa e mentireira, é que as empresas privadas que invisten en auga en todo o mundo son contadas cos dedos da man, principalmente de orixe europea e en menor grao norteamericanas. Por máis poderosa que sexa cada unha delas, a suma de toda a súa capacidade económica non podería cubrir senón unha fracción minúscula das necesidades detectadas polos estudos do Banco Mundial e doutros organismos similares, e para afrontar a crise da auga para os próximos 20 anos.

Entón, como se pode presentar como solución ao que non ten capacidade de selo?

Aquí cabe unha única explicación, e é que o Banco Mundial está a traballar obxectivamente para estas empresas e que as cifras globais son unicamente un xeito de dramatizar a situación para dar paso a investidores moi concretos.

Parece que o soño do Banco Mundial cando asume a súa cara adulta é que estas empresas se apoderen do que poidan facer seu dentro do mercado de auga do mundo e que desde alí se poidan alargar e coas ganancias dun lugar abrir novos negocios noutros, ou convencer investidores doutros sectores a entraren neste preito.

(...)

Sospeitamos que as tarifas van ser moito máis altas. Porque calquera empresa que estea mal podería estar rapidamente ben se triplicar os seus prezos e obrigar a pagar pola súa condición de monopolio. Só que se agora o fan as empresas municipais ou o goberno de Toledo enfórcannos nunha praza. Mais cren que é máis difícil facelo se se trata dunha transnacional.

Sospeitamos que en vez de se asociar, as ideas de venda de auga e de conservación ambiental van estar máis distantes que nunca. E se isto ocorrer, porque os concesionarios argumentan que eles só teñen a encomenda de distribuír auga potable, con toda a seguridade estaremos indo a xerar danos moi serios ao ambiente natural que permite a auga limpa e saudable. En prexuízo da poboación.

Sospeitamos que cos nosos cartos van ser realizados os investimentos que din que xustifican a privatización.

Sospeitamos, ou sexa, sabemos, mais non tomamos plena conciencia do que significa, que a privatización creará fortes monopolios. Que Sedapal privatizada será como unha segunda Telefónica, con gran poder político. E que as provinciais serán probablemente as empresas máis importantes de cada rexión.

Sospeitamos que perderemos democracia, porque o tema do servizo da auga xa non será un debate coas autoridades, senón unha fría oficina de relatorios dunha empresa privada.

Sospeitamos que outro grupo de traballadores vai perder o seu emprego para que os operadores privados reduzan os seus custos.



Sospeitamos que se nos metemos neste camiño, despois vai ser moito máis difícil volver para tras, xa que haberá todo o tipo de presións, demandas, xuízos e demais, para castigar a ousadía de tentar desarmar a privatización.

(...)

Sospeitamos que cando unha ou máis empresas estranxeiras administren as nosas fontes de auga potable, será moito máis fácil vender este recurso a compradores do exterior. Parece fantástico. É para iso que se está a preparar o mundo desenvolvido desde hai algúns anos, e xa ten boa parte da infraestrutura de importación. Fáltanlle os exportadores de confianza.

Excesiva suspicacia pola nosa parte?

Non cremos. Trinta anos de receitas neoliberais, consenso de Washington, axustes, liberalización de mercados, reformas e privatizacións, son máis que suficientes para que os nosos soños actuais se realicen cos ollos ben abertos.

O primeiro principio que temos que subliñar todas as veces que for necesario é que os nosos problemas non coinciden cos das economías desenvolvidas e nalgúns casos son mesmo contraditorios. O trato sur-norte debe ser para mudar as regras de xogo, para que apunten a conservación, protección, xustiza, equidade, democracia, solidariedade. Non para nos adaptar á dilapidación, á contaminación, á desigualdade, á imposición, ao interese a curto prazo que domina os máis ricos e para os cales traballa o Banco Mundial.

Se temos un soño é o de mudar o existente. E se temos instrumentos para facelo eses son os nosos recursos naturais e o traballo da nosa xente.

(...)

Informar, sempre dicir a verdade á poboación.

Democratizar é sempre facer que nos asuntos importantes prime a opinión da sociedade.

INFO 4

Artigo completo en <http://www.adital.org.br/site/noticia.asp?lang=ES&cod=18882>

Danielle Miterrand en Bolivia

Un artigo de Elizabeth Peredo Beltrán. Fundación Solón. Bolivia.

Adital – A solidariedade entre os pobos e a loita mundial polos dereitos da auga fixéronse manifestas máis unha vez coa visita a Bolivia da señora Danielle Miterrand xunto cunha destacada delegación (...)

Danielle Miterrand, militante dos dereitos humanos

O espertar dos pobos contra o modelo neoliberal do lucro e do culto á mercantilización é irreversible, os pobos decatáronse xa de que este modelo é incompatible cos dereitos humanos e coa vida mesma", dinos Danielle Miterrand cun brillo encantador nos ollos.

Nacida hai 81 anos, Danielle é dona dun carisma e dunha enerxía incomparables (...) Aos 17 anos, fixo parte do movemento de resistencia francés ao fascismo e á ocupación nazi en Francia. En 1986, crea a Fundación France Libertés, Fundación Danielle Miterrand, buscando basicamente apoiar unha cultura de paz e a promoción integral dos dereitos humanos.

O activismo de Danielle oríentase basicamente para interpelar o modelo neoliberal e o pensamento único; para ela, o fracaso da privatización no mundo explícase porque "o modelo neoliberal está baseado nunha escala que se rexe pola obtención de rendibilidade desde obter un pequeno proveito sen produto, sen esforzo, comezando a especular (...) Este é un diñeiro especulativo, que non representa ningún valor real, baleiro de traballo e motivo de xeración de desigualdades e conflitos (...) Vivimos a ditadura do diñeiro, o reinado da mercantilización. Debemos mudar esa lóxica destrutiva, o noso obxectivo é chegarmos a unha sociedade na que o diñeiro se transforme



simplemente nun valor de troco, para así ter produtos de verdade e retornar a un equilibrio para a convivencia social".

Fundación de Danielle Miterrand, France Libertés, outorga á auga unha atención prioritaria e apoia numerosas accións locais para facilitar o acceso á auga en modelos de xestión pública propondo que:

· *a auga debe ser LIBRE, pertence ao mundo e aos seus habitantes e, por tanto, non pode ser tomada nin por un Estado, nin por unha comunidade, nin por unha empresa, xa que é un ben de todos, a auga non debe ser unha mercadoría; é por iso que a auga debe ser declarada como un BEN COMÚN DA HUMANIDADE, equitativa e xustamente compartida.*

· *o acceso á auga POTABLE é un dereito humano básico, actualmente a auga potable e de calidade é escasa no mundo e por iso debemos actuar agora. Rexeitamos o principio de "quen contamina paga" pois non resolve o problema. Propomos deducir o 1% do orzamento anual do armamento mundial durante 15 anos para financiar o acceso á auga limpa en todas as partes do mundo.*

· *a auga debe ser GRATUÍTA debemos defender o principio de dispoñibilidade da auga para todos e non só para aqueles que poden pagar. A nosa Fundación propón que cada cidadán e cidadá dispoña gratuitamente e desde o seu nacemento 40 litros de auga diarios necesarios para a vida. Realizamos estudos para esta proposta e colocámola á disposición de todas as colectividade interesadas.*

"Estamos perante unha catástrofe de grandes proporcións, mais que aínda é silenciosa e á que non todos prestaron a suficiente atención; un cuarto da poboación mundial, isto é, máis de mil millóns de persoas, non teñen acceso á auga potable, e cara 2025 dous terzos da Humanidade estarán nesa mesma situación. Debemos recoñecer que unha gran parte da poboación mundial xa non ten acceso á auga potable, mesmo na propia Europa. Estamos por tanto perante un verdadeiro crime e é por iso que o traballo polo dereito á auga e polos dereitos de acceso á auga potable son unha prioridade".

Esta preocupación fai que, en 1998, Danielle Miterrand asine o "Contrato Mundial da Auga" xunto con Mario Soares, Ricardo Pettrella, Vandahna Shiva e outros activistas, dando inicio ao seu compromiso polo acceso á auga como un dereito humano fundamental. (...)

Bolivia

Neses anos, comézanse a idear tamén en Bolivia os diferentes procesos de defensa da auga contra a súa mercantilización: as organizacións de regadores, as organizacións indíxenas e campesiñas do Altiplano Sur, de Cochabamba, que, como parte dese fenómeno mundial de rebeldía a un modelo imposto, comezan a sinalar as inxustizas e ameazas que representan no mundo os mercadores da auga. O caso de Cochabamba convértese nun símbolo da resistencia dos pobos á privatización da auga e permite unha articulación de activistas do norte e do sur.

Esta iniciativa lévaa a ter socios e aliados en todas as partes do mundo, evidenciando que esas persoas loitadoras, homes e mulleres en todo o mundo, constitúen unha forza social que alimenta unha mesma aspiración, a de construír un mundo diferente, xusto, solidario e respectuoso coa natureza.

(...)

"Non vin entrar en polémica cunha empresa privada, o que me interesa é apoiar as organizacións sociais que loitaron neste país pola defensa da auga e dos sistemas públicos, apoiar as súas xustas reivindicacións e esforzos para devolver a auga ás mans do pobo e da xestión pública", dinos Danielle.

(...)



INFO 5

Fonte: http://www.citizen.org/cmep/Water/cmep_Water/reports/bolivia/articles.cfm?ID=9208

Adaptación e traducción do texto

Fracasos: Cochabamba, Bolivia

En abril de 2000, despois de sete días de desobediencia civil e protesta anoxada en dúas rúas, forzaron o presidente de Bolivia a terminar o contrato da privatización da auga concedido a Aguas del Tunari, subsidiario da corporación xigante de Bechtel. O goberno boliviano concedera un contrato de 40 anos a Aguas del Tunari en 1999. Mais os termos eran tan draconianos que dentro dos seguintes meses toda a rexión levantouse e botounos.

As tarifas de auga aumentaron inmediatamente – do 100 até o 200 % nalgúns casos. Foi un golpe duro para os pequenos granxeiros e a xente común. Nun país onde o salario mínimo é de 100 dólares por mes, moitas familias pagaban facturas de auga de 20 dólares ou máis. Incapaces de sobreviviren baixo a carga dos novos prezos da auga, os cidadáns comezaron unha campaña para expulsar a compañía privada da auga.

En xaneiro de 2000, unha folga xeral de catro días contra as subas do prezo da auga, organizadas por unha coalición de líderes da comunidade, do traballo e dos dereitos humanos, saíron á rúa provocando un paro total. A folga culminou en marzo na praza central da cidade onde os líderes da protesta e os funcionarios da cidade negociaban. Rapidamente, viuse que as negociacións non se movían a ningunha parte. En febreiro, o goberno boliviano enviou mil soldados e os oficiais de policía de Cochabamba, e declararon as manifestacións prohibidas e ilegais, e realizaron unha toma de posesión militar da cidade. Durante as protestas, as folgas e as marchas foron feridas 175 persoas, dous mozos ficaron cegos e un morreu. Finalmente, os oficiais do goberno prometeron unha revisión do contrato da compañía da auga. Mais os líderes do movemento sostiveron rapidamente que a súa demanda era facer terminar o contrato coa compañía. As protestas continuaron e, en abril, o goberno finalmente acordou concluír o contrato.

A privatización da auga era un das últimas recomendacións do Banco Mundial para vender as empresas públicas bolivianas aos investidores estranxeiros; liñas aéreas, o sistema ferroviario e a compañía de electricidade. Os países, endebedados como Bolivia, rexeitan raramente o consello do Banco Mundial do FMI e, porque non se desexan arriscar a que se lles neguen no futuro empréstitos e axuda internacional.

Mentres, a privatización, é unha forma efectiva de ter diñeiro, diñeiro que gasta o goberno para débedas ao FMI, o Banco Mundial e os outros acredores estranxeiros. (...)

INFO 6

Fonte: <http://webs.ono.com/usr014/jomros/De%20la%20guerra%20del%20agua%20a%20la%20del%20gas.htm>

MUDANZA DE GOBERNO EN BOLIVIA

Da guerra da auga á do gas

A loita dos indíxenas polos recursos naturais desencadeou varias revoltas nas últimas décadas en Bolivia

F. RELEA – La Paz
EL PAÍS | Internacional --

Primeiro foi a auga en Cochabamba, cidade de 600.000 habitantes, coa cordilleira dos Andes como pano de fondo. Alí, a poboación da nación máis pobre da América do Sur levantouse contra



unha das corporacións máis poderosas do mundo e recuperou un ben básico: a auga. Agora é o gas, o último recurso natural que lle resta a Bolivia, a nova causa do enfrontamento, cuxas raíces son profundas e teñen que ver con modelos antagónicos de sociedade e de desenvolvemento. Bolivia foi nos anos oitenta e noventa un laboratorio para os experimentos do Fondo Monetario Internacional, que recomendaba o axuste do gasto público e a privatización de empresas estatais. O alumno máis celoso na aplicación da receita foi Gonzalo Sánchez de Lozada, elixido presidente por primeira vez en 1993. En cuestión de dous anos, o seu Goberno vendeu as cinco compañías máis grandes do Estado. O petróleo, as telecomunicacións, as liñas aéreas, a electricidade e os camiños de ferro foron privatizados.

Todas estas operacións non serviron para mellorar as condicións de vida do pobo, e o Goni, apelativo de Sánchez de Lozada, comezou a ser chamado "vendepatrias" por moitos cidadáns. En 1997, o Banco Mundial puxo na mira das privatizacións o sistema de auga, e ofreceu ao Goberno condonar 600 millóns de dólares a troco da súa privatización. O resultado foi que a compañía californiana Bechtel gañou o contrato para xestionar a auga de Cochabamba até 2039 nun concurso con un único participante.

O prezo da auga subiu polas nubes, o que xerou vastas protestas de traballadores e labregos. As folgas e manifestacións deixaron a cidade illada, até o punto de que o Goberno asinou un acordo para revisar as tarifas. As protestas recomezaron cando non se respectou o compromiso e gañaron forza coa chegada do Goberno de Hugo Bánzer, ex-ditador militar nos anos setenta. A dimensión da protesta foi tal que, a comezos de 2000, Bechtel marchou de Bolivia, o contrato da auga ficou cancelado e instalouse unha nova compañía de auga baixo control público.

No departamento de Cochabamba, forxouse un líder dos produtores de folha de coca chamado Evo Morales, indio aimará, que fundou o Movemento ao Socialismo (MAS). (...)

(...)

INFO 7

Fonte: <http://www.ezln.org/revistachiapas/No14/ch14herbas.html>

Extracto da entrevista de Ana Esther Ceceña con Gabriel Herbas **A guerra da auga en Cochabamba**

Como parte das políticas de privatización impulsadas polo Banco Mundial para a América Latina, en 1999 o goberno boliviano resolve conceder a unha empresa transnacional, a Bechtel (Aguas del Tunari no seu nome local), a facultade de xestionar e distribuír toda a auga da cidade de Cochabamba e arredores. Isto foi considerado pola poboación como un abuso: o contrato foi case clandestino (cunha cláusula de confidencialidade); violentaba as formas tradicionais establecidas para a distribución do recurso; incrementaba as tarifas para facer pesar sobre a poboación os investimentos de modernización do sistema, xa que a empresa só se facía cargo sen contribuír cun só peso, e expropiaba de feito os pozos que alimentaban a rede privada ou comunitaria. Un grupo de ambientalistas, avogados, economistas e algúns outros profesionais vinculados cos temas da auga decátanse da existencia deste contrato e comezan unha procura por coñecelo, primeiro, e por estudalo e refutalo, despois. Entre eles, encontrábase Gabriel Herbas, economista membro do Foro Cochabambino do Medio Ambiente(...).

Despois de abril de 2000, cando toda a cidade se levanta contra a privatización da auga e decide, en concello aberto, manter tomada Cochabamba até que se bote abaixo a lei, iníciase un proceso de construción de utopías coa confluencia de sectores rurais e urbanos, indíxenas e campesiños, traballadores industriais e desocupados e mesmo crianzas da rúa, que non parece ter freo, como o demostra dalgún modo a última campaña electoral do 2002.

(...) porén, máis alén do propio recurso, o que interesa especialmente no caso de Cochabamba é o xeito en como os diferentes sectores da poboación puideron articularse mediante formas organizativas novas, éticas, horizontais e moi respectuosas das diferenzas entre eles. A autoridade



moral da Coordinadora pola Defensa da Auga e da Vida, que se conserva até hoxe, susténtase na transparencia, honestidade e coherencia dos seus integrantes e voceiros. Aparentemente, a loita pola auga en Cochabamba é a abertura dun camiño de grandes horizontes. Porque nós "xa non temos o tempo necesario para esperar outros quíntos anos", dinos Gabriel Herbas, e por iso xa se comezou a andar.

INFO 8.

Vista de auga. Corredores hídricos e infraestruturas. Ampliación

Extractos do artigo de , IIRSA i l'ecologia política de l'aigua sud-americana

Fonte: <http://www.ecoportel.net/content/view/full/32258>

(...) as reservas estratéxicas de auga sudamericanas e o IIRSA

Na América do Sur, a riqueza natural é alucinante. É a primeira reserva biótica terrestre do planeta e a segunda mariña; almacena cerca do 25% da auga fresca mundial, ademais de contar con cuantiosos depósitos de petróleo en Venezuela (cerca do 70% das reservas hemisféricas (9)), de gas no Perú e Bolivia, ou de distintos minerais en toda a rexión, entre outros exemplos.

Como se apuntou, os eixes hídricos máis importantes son os afluentes dos ríos Plata/Paraná/Paraguai-Guaporé, o Amazonas/Putumayo, e o río Negro-Orinoco. Así mesmo, entre outras reservas de auga superficial de importancia considerable, e que é pertinente mencionar, están as que se localizan na Patagonia entre río Mayo e río Gallegos. A esas súmanse os inmensos depósitos subterráneos do líquido que conforman o que se coñece como Acuífero Guaraní, por mencionar o máis importante da rexión e que é recoñecido como o acuífero máis grande do mundo cunha extensión de arredor de 1.190.000 km² (superficie maior que a de España, Francia e Portugal en conxunto). A reserva de auga abarca unha superficie, no Brasil, de aproximadamente 850 mil km² (9,9% do territorio), na Arxentina 225 mil km² (7,8%), no Paraguai 70 mil km² (17,2%), e no Uruguai 45 mil km² (25,5%).

Como pode imaxinarse, a súa importancia é vital para a serie de corredores de desenvolvemento que se procura consolidar aí (Mapa 2).

(...) a auga (...) a tendencia do líquido a se transformar de forma crecente nun recurso estratéxico de múltiples usos e, con isto, de múltiples modalidades de explotación de plusvalía. (...) A América do Sur, unha rexión que concentra máis da quinta parte das reservas de auga doce do mundo e que apunta a integrar, sen considerar sería e detidamente os impactos ecolóxicos e sociais, unha serie de esquemas de "corredores hídricos" como contraparte dos corredores de desenvolvemento propostos oficialmente desde o proxecto de Integración da Infraestrutura Rexional da Sudamérica (IIRSA).

Nos últimos séculos, os corredores (e os seus respectivos corredores de infraestrutura) demostraron que eran a figura máis eficiente – en termos capitalistas – para a ocupación territorial (reordenamento territorial), o transporte e comercio de mercadorías por terra e auga, o desenvolvemento da industria e a agricultura de grande escala, o estímulo de zonas de turismo de inspiración de multinacional, etcétera. É por iso que os corredores deben ser vistos como itinerarios de desenvolvemento estratéxicos de varios quilómetros de largura en que se localizan zonas de produción intensiva, de extracción de recursos naturais, de medios de comunicación, de centros urbanos, entre outros factores.

Groso modo, a composición nodal dun corredor consiste en: (1) Medios de Transporte para mover as materias primas e mercadorías (portos marítimos – por exemplo do lado do Atlántico e do Pacífico – e outros medios que varían segundo a composición territorial o permitir: canais de auga, camiños de ferro de alta velocidade, estradas, etcétera); (2) Enerxía para facer funcionais os corredores, e sobre todo para mover os sistemas de produción: petróleo, gas e electricidade (centrais nucleares, termoeléctricas/xeotérmicas, hidroeléctricas, tendido e interconexión eléctrica, gasodutos/oleodutos, etcétera.); (3) Auga para actividades produtivas (encoros, transvasamentos,



acuedutos, sistemas de bombeo, distribución e tratamento, etcétera – a incluír a xeración de hidroelectricidade); (4) Telecomunicacións que integren a rexión en tempo real, tanto para dentro do corredor, como con outros corredores e en xeral co exterior (fibra óptica e localización de centros de comunicación con tecnoloxía de punta).


(...)

Se for o caso, a implementación é progresiva e non sempre se presenta como un "paquete", senón como unha serie de proxectos illados de diversas dimensións.

(...)

Escenarios de corredores de desenvolvemento e os seus corredores hídricos na América Latina

Mapa 1 - Mega proxectos hídricos y corredores de desarrollo



Na América, tres son as rexións de escenarios e mega-proxectos hídricos que se poden identificar e que responden á localización de corredores (ver Mapa 1). Ao norte do río Bravo, destacan os corredores do leste dos EUA – totalmente vinculados ao Mississippi – e os dalgunhas rexións do oeste dese país (particularmente a California). Para satisfacer as demandas de auga dos referidos corredores, ademais das doutros localizados ao sur do Canadá e ao norte de México, foi deseñado desde mediados do século XX o North American Water and Power Plan (NAWAPA) (5). O seu potencial retorno ante unha aguda crise de auga non EUA non é algo descartable (6). En México e na América Central, vense impulsando insistentemente o desenvolvemento de múltiples corredores (sete en México segundo o Programa Nacional de Desenvolvemento Urbano 1995-2000 (7)). A súa última versión é o chamado Plano Puebla Panamá (PPP) que ten como a súa contraparte hídrica no que teño cualificado noutra ocasión como Escenario Aquarium e que ten como corazón o sistema hidroeléctrico da bacía do Usumacinta (México – Guatemala) (8). Por último, o contexto suramericano é modelado polos sete corredores terrestres e dous de vías hídricas que conforman o sistema de Integración da Infraestrutura Rexional da Sudamérica (IIRSA). Os movementos de auga aí céntranse especialmente nos afluentes dos ríos Plata/Paraná/Paraguai-Guaporé (onde se localiza un corredor de vías hídricas que vai de sur a



norte); o Amazonas/Putumayo; e o río Negro-Orinoco (os dous últimos conforman un corredor de leste a oeste conectando Macapa e Belém, no Atlántico, con Saramerisa/Yurimaguas, no Perú, e con Puerto del Carmen no Ecuador, todos con conexións terrestres co Pacífico). Ademais, o foco de atención é o potencial que posúe o acuífero Guaraní, a reserva de auga fresca subterránea máis grande do mundo e que se perfila como pivote hídrico da rexión produtiva "forte" do Mercosur.

Vexamos por tanto o caso particular da América do Sur, os seus planos de mega-proxectos hídricos e o seu "empalme" cos corredores deseñados para esa rexión.

INFO 9.

Do escritor Eduardo Galeano. Unha crítica sarcástica da situación en Cochabamba.

A auga. Os donos da auga

No comezo dos tempos, a formiga non tiña cintura fina.

É o que di o Xénese, segundo a versión que anda de boca en boca na costa colombiana do Pacífico: a formiga era redonda e estaba toda chea de auga.

Mais Deus esquecérase de mollar o mundo. Cando se decatou da súa distracción, pediulle axuda. E a formiga negouse.

Entón, os dedos de Deus esmagáronlle a barriga.

E así naceron os sete mares e todos os ríos..

Os donos da auga.

Hai empresas que son como esa formiga, mais moito máis grandes.

Ao final do século vinte, a guerra da auga estalou en Cochabamba.

Cando a empresa estadounidense Bechtel triplicou a tarifa dun día para outro, as comunidades indíxenas marcharon desde os vales e bloquearon Cochabamba, e tamén a cidade se rebelou e se alzaron barricadas e arderon as facturas da auga, nunha gran lumeirada, na Praza de Armas. O goberno de Bolivia contestou a balazos, como é habitual. Houbo estado de sitio, mortos e presos, mais o levantamento do pobo continuou, imparable, día tras día, noite tras noite, durante dous meses, até que na acometida final os cochambinos desprivatizaron a auga e recuperaron a rega dos seus corpos e dos seus campos sementados.

Na cidade de La Paz, polo contrario, as protestas non impediron que a empresa francesa Suez se apropiase da auga. A tarifa elevouse até as nubes, e case ninguén puido pagar a conta. Por qué será, preguntáronse os especialistas europeos e os gobernantes nacionais. Estaba claro: por atraso cultural. Os bolivianos pobres, que son case todos, ignoran que se deben bañar unha vez por día, como é costume na Europa desde hai quince minutos e tamén ignoran que deben lavar o carro que non teñen.



1ª parte

Historias del ouro azul

Instrucións

Imos imaxinar que sodes xornalistas dunha ONG para o desenvolvemento e que vos pediron que investiguedes sobre un tema actual relacionado coa auga e o mundo.

Debedes:

- Facer grupos de 3 ou 4 persoas
 - Escoller un tema da lista entre o voso equipo
 - Investigar pola Internet e recompilar información sobre ese tema
 - Explicar ao resto dos grupos un resumo da vosa investigación
 - Realizar un artigo xornalístico informativo e de sensibilización dese tema de forma individual (seguir pautas modelo)
-
- ✓ **Internet:** Deberedes escoller as palabras ou frases curtas chave para a vosa pescuda na Internet, e realizar esta procura co idioma que máis vos interese (podedes seleccionar a lingua na sección do buscador de procura avanzada).
 - ✓ Pasamos despois a una procura pola Internet (podedes ir a un buscador tipo “google”, “yahoo”, etc.). Podedes obter imaxes ou informacións adicionais.
 - ✓ **Tamén podedes facer traducións de páxinas noutros idiomas desde** <http://www.portalcual.com/traductor-gratis.asp>
 - Imprimir sempre coa opción de borrador para imaxes, etc. para evitar un gasto innecesario de papel e tinta.
 - Utilizar papel reciclado e imprimide a dúas caras.
 - ✓ **Tamén vos proporcionamos ligazóns e direccións directas para facilitar a vosa procura de cada tema.**

Orientacións para o artigo xornalístico.

Facédeo de forma clara e fácil de entender. Deberá explicar unha situación e o que está a pasar. Ten de ofrecer informacións sobre o que se pode facer ou o que se fai para mellorar.

Extensión: 1 folla.

Temas para escoller

1. AUGA, CRIANZAS E SAÚDE
2. O GRANDE ENCORO DE NARMADA E A LOITA DE ARUNDHATI ROY
3. A AUGA NOS CONFLITOS ARMADOS
4. COIDAR A AUGA É POSIBLE





2ª parte

Historias del ouro azul

1. AUGA, CRIANZAS DE SAÚDE

LIGAZÓNS

Ver Infórmate 4: Saúde e auga

Páxinas web de interese:

http://www.unicef.org/voy/spanish/explore/wes/explore_1912.html

Encontrarás moita información explicada para os mozos sobre o problema da auga e o saneamento.

http://www.unicef.org/voy/spanish/explore/wes/explore_wes.php

http://www.unicef.org/voy/spanish/explore/wes/explore_1818.html

Máis informacións relacionada con saúde e auga en:

Máis datos sobre saúde e auga:

http://www.unicef.org/voy/spanish/explore/wes/explore_1856.html

As doenzas producidas pola auga en http://www.wateryear2003.org/es/ev.php-URL_ID=1600&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html

Historias de crianzas do mundo, relacionadas coa calidade da auga

http://www.unicef.org/voy/spanish/explore/wes/explore_1873.htm

Doenzas da auga.

http://www.expophoteau.ird.fr/les_fleaux/i2_es.htm

<http://www.watertreaty.org/clock.php>



2. O GRANDE ENCORO DE NARMADA E A LOITA DE ARUNDHATI ROY

LIGAZÓNS

Ver Infórmate 4: Saúde e auga

Páxinas web de interese:

Artigos xornalísticos

<http://www.el-mundo.es/elmundo/2002/10/17/sociedad/1034879163.html>

<http://www.el-mundo.es/especiales/2002/11/cultura/libertad/pag06a.html>

<http://www.mapuche.info/fakta/clarin001119.html>

Outras informacións

http://www.unicef.org/voy/spanish/explore/wes/explore_wes.php

http://www.unicef.org/voy/spanish/explore/wes/explore_wes.php

(EN INGLÉS) <http://www.narmada.org/>

Resumo de Narmanda (inglés) <http://www.narmada.org/introduction.html>

http://rwor.org/a/v23/1140-1147/1140/arundhati%20roy_s.htm

<http://www.foei.org/publications/link/99/s9918.html>



3. A AUGA NOS CONFLITOS ARMADOS

LIGAZÓNS

Ver Infórmate 7: A auga, conflitos e cooperación. (hacer link)

Páxinas web de interese:

<http://www.mapuche.info/fakta/clarin001119.html>

http://www.unesco.org/courier/2001_10/sp/doss0.htm

http://www.unesco.org/courier/2001_10/sp/doss01.htm

http://www.unesco.org/courier/2001_10/sp/doss04.htm


<http://www.wateryear2003.org/es/ev.php->

[URL_ID=5583&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html](http://www.wateryear2003.org/es/ev.php-URL_ID=5583&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html)

<http://www.wateryear2003.org/es/ev.php->

[URL_ID=4682&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html](http://www.wateryear2003.org/es/ev.php-URL_ID=4682&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html)

http://www.ub.es/solidaritat/observatori/pau/paula/castella/aigua/estat_aigua_mon/recursos_hidrics_conflictes.htm



4. COIDAR A AUGA É POSIBLE.

A xestión sustentable da auga

LIGAZÓNS

Ver **Infórmate 6: Modelos de consumos. Cara un uso sustentable da auga.** (hacer link)

Páxinas web de interese:

Páxina de Greenpeace

<http://www.greenpeace.org/espana/campaigns/aguas>

Mensaxe de Kofi Annan

<http://www.un.org/spanish/events/waterday/2005/>

Informacións relacionadas

[http://www.enredate.org/enredate/reportajes/historico de reportajes/aguabeber/](http://www.enredate.org/enredate/reportajes/historico_de_reportajes/aguabeber/)

<http://www.ambientum.com/revistanueva/2005-09/aguas.htm>

<http://www.el-mundo.es/2000resumen/agua.html>

<http://www.mujeractual.com/familia/temas/agua.html>

Outras páxinas

<http://www.barrameda.com.ar/articulo/diamamb1.htm>

<http://www.tierramerica.org/2001/0527/tupuedes.shtml>

<http://www.ciudad.com.ar/ar/portales/chicos/nota/0,1437,42074,00.asp>

<http://www.oei.es/decada/accion06.htm>



O noso compromiso coa auga é ...



Nivel

ESO

Distribución temporal

Unha sesión e media

Obxectivo

Favorecer accións e comportamentos para un uso sustentable da auga e valores de corresponsabilidade.

Resumo

Decidir entre todos e todas accións cotiás de aforro, bo uso, etc., con relación á auga e realizar un manifesto.





Descrición

- **Ver a ficha de traballo do alumnado (incluída ao final deste documento)**

- **Inicio**

Comezaremos a actividade facendo unha referencia sobre a importancia da auga. Para iniciar o tema sobre bases concretas, podedes utilizar os seguintes recursos:

- Infórmate 3: A crise da auga
- Infórmate 6: Modelos de consumos. Cara un uso sustentable da auga
- Infórmate 8: Os obxectivos do Milenio e a auga.
- E outros acordos mundiais

- **Recolla de información:** os alumnos/as realizarán unha recolla de información, que poden efectuar de modos diferentes: entrevistas, folletos informativos, preguntando ao Concello e consultando directamente na Internet.

- ☛ Recomendámosvos poder dispor na aula dalgúns folletos, libros e informacións sobre cómo aforrar auga.
- ☛ **Internet:** Para reforzar a procura. Facede unha lista das palabras chave para realizar unha procura na Internet. Ide a un buscador tipo “google”, “yahoo”, etc. e colocade as palabras chave que teñades seleccionado. Aconsellamos tomar nota á man.
- ☛ Se imprimides algunha folla, facédeo coa opción de borrador para evitar un gasto innecesario.

- **Decidimos**

Ao finalizar a fase de recolla, teremos de decidir entre todos e todas qué accións entre as mencionadas escollemos para incorporalas no noso día a día.

- ✓ O ideal é que esta decisión se realice mediante o consenso de todos e todas. No caso de se produciren desacordos, recoméndase iniciar un debate e chegar a un acordo común sobre a viabilidade das propostas. Se mesmo así non se chegase a un consenso, procederíase á votación das propostas.
- ☛ Non tentedes ter moitas accións, xa que mellor é ter poucas, próximas e que se cumpran, que moitas e dispersas.



- **Manifesto**

Decálogo de boas prácticas: coas accións escollidas, realizaremos un mural - manifesto onde poremos as accións que nos comprometemos a facer a partir de agora.

- ☛ Podedes facer un deseño do manifesto ou un logotipo e lema que nos lembre o compromiso que adoptamos a partir de agora.
- ☛ O manifesto debe ser deseñado pensando en que sexa un elemento semi-permanente na aula durante o curso. Desta forma, terédelo máis presente e poderedes utilizalo para ir revisando se realmente se cumpren os nosos compromisos coa auga.
- ☛ É interesante que deades a coñecer aos demais (aulas, escola, familias...) o que decidistes, a través da revista do centro, lendo o manifesto nun día importante, pendurando o voso manifesto no corredor ou na páxina web, etc.

- **Revisión**

É moi importante que establezades momentos ao longo das seguintes semanas, de revisión ou avaliación dos compromisos: se se cumpren, se o facemos todos, se non se cumpren cá é a causa, se podemos rectificar...

- ☛ Apuntade e recompilade datos de vez en cando para facer un acompañamento dos vosos compromisos.
- ☛ Aconsellámosvos unha revisión en grupo ao cabo dun mes.

- **Orientacións**

Nesta actividade, é moi importante o proceso que levemos a termo coas nenas e cos nenos, trátase de conducir un proceso participativo e deixar que sexan as súas propostas as que evolucionen.

A finalidade será a de nos comprometermos a realizar accións, non só a dicilas, e por iso será importante que as propostas xurdan deles mesmos, e das súas posibilidades próximas.

Para nos podermos comprometer, fai falta decidir entre todos/as e pórmonos de acordo, sentir que todos e todas somos importantes. Se as accións que tomamos son colectivas estamos a educar na corresponsabilidade.



Aforro directo e indirecto da auga.

Es importante ver qué ahorros indirectos de agua hacemos a partir de nuestras acciones de consumo.

El caso más claro es el uso de papel reciclado en vez de papel blanco.

En esta acción reciclamos, ahorramos materias primas como la madera y contribuimos a un ahorro de agua enorme: ¡para fabricar papel reciclado necesitamos hasta 225 veces menos agua!

(1 tonelada de papel reciclado precisa de 2m³ de agua ; 1 tonelada de papel blanco precisa de 280 a 450 m³ de agua para su fabricación)

Reciclar los residuos contribuye a un gasto menor de materias primas, energía y agua.

Hay actividades deportivas que contribuyen a un consumo masivo de agua, como es la práctica del golf.

En el jardín, podemos ahorrar mucha agua si plantamos vegetación autóctona.

.../....

Contaminación

Asimismo, es esencial destacar la importancia de ensuciar el agua lo menos posible (no tirando productos tóxicos, utilizando productos biodegradables, etc.).

En vuestro manifiesto debería aparecer alguna referencia al respecto.

Unos de los puntos negros a controlar en los centros escolares son el laboratorio y los productos de limpieza que se utilizan.

- **Ampliaciones**

Ecoauditorías sobre el agua en el centro.

Muy recomendable como trabajo de ampliación, crédito variable, proyecto, etc.

Una ecoauditoría consiste en realizar un trabajo de diagnosis del agua en el centro (qué se consume, dónde,..), con la finalidad de saber en qué punto nos encontramos y, a partir de ahí, crear un plan de acción para mejorar nuestra actitud con respecto al agua.

Es un trabajo muy interesante. Hay diferentes experiencias de diversos centros.

Más información en: <http://dgrechid.caib.es/ecoauditoria/materials.es.htm>



Enlaces de interés

Mirad el mapa de ahorro del agua:

<http://www.elretodelagua.com>

Consejos para ahorrar agua:

http://www.unesco.org/science/waterday2000/100_ideas.htm

<http://www.elmundo.es/elmundo/2005/05/06/ciencia/1115393495.html>

<http://www.enbuenasmanos.com/articulos/muestra.asp?art=312>

<http://www.enbuenasmanos.com/articulos/muestra.asp?art=139>

<http://www.internatura.org/educa/agua10.html>

<http://www.asac.es/aigua/cast/8.htm>

<http://www.mujeractual.com/familia/temas/agua.html>

<http://www.terra.org/articulos/art00313.html>

<http://www.asac.es/aigua/cast/8.htm>

http://www.mediambient.bcn.es/cas/web/bcn_aigua_consells.htm

Agencia catalana del agua. Consejos prácticos

http://mediambient.gencat.net/aca/es//agencia/campanyes/raco/consells_practics_casa.jsp

Aspectos prácticos y mecanismos para el ahorro de agua:

<http://www.ecodes.org/agua/ahorraragua.htm#hogar>

http://www.consumer.es/web/es/economia_domestica/hogar/2005/04/14/141178.php

(en catalán) <http://www.xtec.es/centres/b7007300/fmarch/EstalviAigua.htm>